



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 3 DE MARZO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de marzo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de febreiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 26 de febreiro de 2020, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa Cultura no Camiño e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT301A). (Diario Oficial de Galicia número 40, do 28 de febreiro de 2020).

- Anuncio Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto de levantamento de actas previas á ocupación relativa á expropiación "Construción mellora da intersección da DP 1707 Oleiros a Pravio, p.q 3+600, coa estrada AC-221 San Pedro de Nós-Mabegondo" (VIP 2018. 5ª fase). (Boletín Oficial da Provincia número 40, do 28 de febreiro de 2020).

- Escrito de dona Maria Jesús González Roel, concelleira do Grupo Popular, rexistrado de entrada o día 2 de marzo de 2020 co número 0/1098, no que comunica que permanecerá fóra do termo municipal de Cambre dende o día 4 ao 11 de marzo de 2020, ambos os dous incluídos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 21 ao 27 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Cultura e Benestar Social número 294/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 336/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
294/2020	21-02-2020	Conceder a axuda recibo auga por importe de 82,84 euros. Solicitante: SCL
295/2020	21-02-2020	Conceder o duplicado tarxeta estacionamento. Solicitante: MPV
296/2020	21-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: NCP
297/2020	21-02-2020	POS + 2020 renovación emisario red saneamento pi Espiritu Santo tramo marisqueira e tramo Muiño Vello
298/2020	21-02-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 41.833,15 euros
299/2020	21-02-2020	D12-pos + 2020 complementario-mejora de la pavimentación en el camino de San Roque, Fonte Cuntin e Cobazas
300/2020	21-02-2020	POS + 2020 renovación da rede de abastecimiento en Corgo, Outeiro e Bandedó parroquia de Brexo-Lema
301/2020	21-02-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 1.276,99 euros
302/2020	21-02-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 62.751,15 euros
303/2020	21-02-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de febreiro de 2020
304/2020	21-02-2020	Conceder a axuda auga a MEG por importe de 44,47 euros
305/2020	21-02-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: TMMP
306/2020	21-02-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: ADR
307/2020	21-02-2020	Axuda emerxencia social vale alimentos. Solicitante: HMV
308/2020	21-02-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: NBB
309/2020	21-02-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de febreiro de 2020
310/2020	21-02-2020	Desestimación da reclamación por danos ocasionados na rede interior de saneamento da nave sita en rúa Nobel Espiritu Santo, o día 30/10/2018, debido, segundo indica ás raíces procedentes de árbores situados na vía pública que se ramificaron dende o colector xeral de saneamento, por un importe de 666,00 euros
311/2020	21-02-2020	Solicitude de subvención dirixida a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga no ano 2020
312/2020	21-02-2020	Solicitude de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades

		locais e a Xunta de Galicia, no exercicio de 2020 (TR351A).
313/2020	21-02-2020	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020
314/2020	21-02-2020	Autorizacións de venda ambulante ocasional no Entroido 2020
315/2020	24-02-2020	Solicita comprobación de legalidade por recheo de parcelas na Pena (Cambre) con pedras e terra
316/2020	24-02-2020	Contrato menor para a renovación da subscrición á revista Grandes Espacios
317/2020	24-02-2020	Reclamación por danos ocasionados na rede interior de saneamento da nave sita en rúa Nobel Espírito Santo, Cambre, o día 30/10/2018, debido, segundo indica ás raíces procedentes de árbores situadas na vía pública que se ramificaron dende o colector xeral de saneamento, por un importe de 666,00 euros
318/2020	26-02-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
319/2020	26-02-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
320/2020	26-02-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
321/2020	26-02-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación das contratacións efectuadas polas empresas ou entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual PROXEDIS II 2018-219
322/2020	26-02-2020	Segundo requirimento a EGM S.L., para que presente a documentación esixida no marco do procedemento de comprobación limitada PCL 8/2019
323/2020	26-02-2020	Corrección erros decreto do decreto 311/2020
324/2020	26-02-2020	Pagamento da nómina de febreiro de 2020 por un importe bruto de 379.431,91 euros
325/2020	26-02-2020	Aprobación de normas reguladoras dos requisitos e procedementos que deberán ser cumpridos polas entidades financeiras que desexen actuar como colaboradoras na recadación do Concello de Cambre
326/2020	26-02-2020	Reposicion da legalidade pola existencia duns galpóns na finca sita en crta da Estacion , Cambre na que desenvolve unha actividade gandeira segundo os escritos presentados por MMIC en representacion de PJCH
327/2020	26-02-2020	Licenza de segregación ou división do terreo sito en Arrigada - Cambre de 424 m ² en dúas parcelas de 373,56 m ² e 50,44 m ² para posterior cesión ao concello da parcela de 50,44 m ² para destinala a viario publico propiedade de dona CPT
328/2020	27-02-2020	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2020) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo
329/2020	27-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMQP
330/2020	27-02-2020	Programa de subvencións a concellos e entidades locais para

		contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020
331/2020	27-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMC
332/2020	27-02-2020	Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da coruña, durante o ano 2020
333/2020	27-02-2020	Expediente de disciplina urbanística por rúidos procedentes de Autolavado El Estanque, sito en Rúa Estanque, O Temple
334/2020	27-02-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xaneiro de 2020, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de febreiro de 2020
335/2020	27-02-2020	Nomeamento de auxiliar administrativo para substitución transitoria da titular
336/2020	27-02-2020	Anuncio convocatoria no BOE para proveer posto de traballo polo sistema de concurso entre funcionarios de carreira

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre, (FASE II)". Expediente: 2019/C003/000001
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000005, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023
- Proposta de adxudicación da "Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre", a prol do licitador "Ecotisa Una Tinta de Impresión, S.L.", no prezo ofertado total para unha anualidade de 2.545,37 euros sen IVE, 3.079,90 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000012
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000006, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e cun único criterio de adxudicación, (factor prezo), correspondente ao «Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema»

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre, (FASE II)". Expediente: 2019/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/00001 para a contratación da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre, (FASE II)”.

Expediente: 2019/C003/000001

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2019 polo que se adjudicou a obra á empresa “*Jardinería Arce, S.L.*”, asinándose o correspondente contrato con data 16 de decembro de 2019.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adjudicataria “*Jardinería Arce, S.L.*”, ao que achega o informe favorable emitido por don Carlos Barbeito Bello, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de decembro de 2019 e número 20199990000215, da entidade Muñiz mas Alfaya, SLP, Coordinadora da Seguridade e Saúde, de conformidade coa Resolución de alcaldía nº 229/2019, de 8 de febreiro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000470.

Visto o informe favorables emitido con data 26 de febreiro de 2020 polo Arquitecto Municipal, responsable do contrato.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, de data 26 febreiro de 2020 na que confirma que consta o Programa de Traballo adaptado ao prazo ofertado, incluída na oferta presentada polo contratista, en base á cal resultou adjudicatario, polo que se propón eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Jardinería Arce, S.L.*” para a execución da obra denominada “Remodelación da Praza Europa en Cambre, (FASE II)”. Expte. 2019/C003/000001

Segundo: De conformidade có establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto Municipal o 26/02/2020 no que confirma que o adjudicatario presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adjudicatario.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa “*Jardinería Arce, S.L.*” e a don Carlos Barbeito Bello, da entidade Muñiz mas Alfaya, SLP. Coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao Arquitecto Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000005, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa “Vente de Marcha” que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de marzo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 27 de febreiro de 2020, elaborouse polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal e do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Xuventude , o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación , aos criterios de valoración , solvencia esixible aos licitadores , condicións especiais de execución e réxime de penalizacións do contrato para a contratación do servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa “Vente de Marcha” que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023 , cun valor estimado de 84.836,97 euros e un orzamento base de licitación de 46.660,34 euros .

Nesa mesma data do 27 de febreiro actual, asínase polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo, e maila memoria xustificativa da necesidade , idoneidade , insuficiencia de medios , motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta Informe de Intervención asinado o 28 de febreiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 337.22610

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 28 de febreiro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 2 de marzo de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de lecer e ocupación do tempo libre e promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no art. 34.1.c) da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Mocidade de Galicia, que cita como competencia municipal en materia de mocidade a creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de mocidade, polo que o presente contrato cumpre cos obxectivos de promover o desenvolvemento de actividades encamiñadas a fomentar entre os mozos o respecto polo medio ambiente, o coñecemento de lugares e persoas e os estilos de vida saudables, todo iso co fin de educar aos usuarios deste Programa en valores cívicos utilizando o lecer como ferramenta, fomentando estilos de vida saudables, e favorecendo a socialización dos mozos e o seu desenvolvemento, xa que ofrece unha alternativa de lecer baseada na natureza que ofrece unha maneira diferente á habitual de coñecer outras realidades, outros lugares, e convivir cos/ as outros/ as veciños/ as que acudan aos roteiros, esto tendo en conta a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo este programa tan específico, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000005, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023, cun valor estimado de 84.836,97 euros e un orzamento base de licitación de 46.660,34 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, e como suplente, o animador deportivo don Miguel Gamallo Ponte

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Proposta de adxudicación da “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre”, a prol do licitador “Ecotisa Una Tinta de Impresión, S.L.”, no prezo ofertado total para unha anualidade de 2.545,37 euros sen IVE, 3.079,90 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de marzo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000012 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (con multiplicidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), da “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación para dúas anualidades de 14.384 € e 17.404,64 euros IVE incluído .

Vista a valoración das ofertas admitidas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa e redución do prazo de entrega dos bens para subministracións ordinarias, entrega excepcional e pedidos urxentes) e que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 28 de xaneiro de 2020, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia, e ratificada segundo Acta do día 13 de febreiro de 2020, o a prol do licitador “Ecotisa Una Tinta de Impresión, S.L.”, nos prezos unitarios ofertados que supoñen un prezo total anual de 2.545,37 euros sen IVE, 3.079,90 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, isto segundo o informe emitido polo administrador do sistema informático municipal con data 11 de febreiro de 2019, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento, en sesión celebrada con data 13 de febreiro de 2020.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 28 de febreiro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 45/2020 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 2 de marzo actual .

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade coas propostas formuladas con datas de 17 e 28 de xaneiro de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Discount Informático SL
- Ecotisa Una Tinta de Impresión SLU
- Gersa Informática SL
- Paz Dismac SL

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data de 17 de xaneiro de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, inadmitir as tres ofertas presentadas pola empresa "**J.M. Regueiro Informática y Comunicaciones del Noroeste S.L.U.**", por ter presentado as mesmas incumprindo o establecido na cláusula 13.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que determina que "*a documentación e proposicións que presenten os licitadores deberán presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da Plataforma de contratación do sector público <https://contrataciondeestado.es>, e conforme aos requisitos técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel*", posto que presentou dúas ofertas a través do rexistro telemático do Concello de Cambre e outra oferta a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, todas con data 19/11/2019, o que implica a non admisión de ningunha das ofertas presentadas, isto de conformidade co establecido na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o presente expediente e o art. 139.3 da LCSP, en virtude do cal ningún licitador poderá presentar máis dunha proposición, de xeito que a infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data de 17 de xaneiro de 2020 polo Órgano de Asistencia , e tendo en conta a cláusula 13.2 *in fine* do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable

ao presente contrato, así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obligación legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva de la Comunidad de Aragón no seu informe nº 20/2018 de 3 de setembro, acórdase **excluir a oferta presentada pola entidade "Servipapel Suministros, S.L."** ao non atoparse, á data final de presentación de ofertas (19 de novembro de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4.a) da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada con data de 17 de xaneiro de 2020 polo Órgano de Asistencia, e de acordo co establecido na cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula 9 do Prego de Prescripcóns Técnicas Particulares nos que se determina expresamente que **a oferta non poderá ser superior ao importe de licitación en ningún dos prezos unitarios nin no total**, e que "se algunha proposición non gardarse concordancia coa documentación examinada e admitida, **excedese do orzamento base de licitación (...)** poderá ser rexeitada mediante resolución motivada", (cláusula 14.2 PCAP), isto en concordancia co establecido no art. 84 do Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro, **rexeitar a oferta presentada pola entidade "Supplies Electronics Imaging Net For Offices S.L."**, por exceder o orzamento base de licitación nos prezos unitarios de catro dos artigos ofertados, (en concreto : toners TNP-22K, TNP-22C, TNP-22N y TNP-22Y), isto tendo en conta que a determinación do prezo no presente expediente establécese por prezos unitarios, e non a tanto alzado, como así se deriva, tanto do establecido na cláusula 14.2 do PCAP e cláusulas 4 e 9 do PPT, como do propio modelo de proposición establecido no Anexo III do PCAP.

Quinto: Aprobar, de conformidade coa proposta formulada o 28/01/2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores admitidos mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 12 do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 2.770,78 euros anuais sen IVE:

	Discount Informático SL	Ecotisa Una Tinta de Impresión SLU	Gersa Informática SL	Paz Dismac SL
Oferta sen IVE	2.881,71 €	2.545,37 €	4.542,85 €	3.479,32 €
Oferta con IVE	3.486,87 €	3.079,90 €	5.496,85 €	4.209,98 €
Puntuación oferta económica	61,83	70	39,22	51,21
Plazo subministracións ordinarias	Reduce 3 días	Reduce 4 días	Reduce 4 días	Reduce 3 días
Puntuación prazo subministracións ordinarias	7,5	10	10	7,5
Plazo entrega excepcional	Reduce 6 días	Reduce 7 días	Reduce 9 días	Reduce 7 días
Puntuación prazo entrega excepcional	6,67	7,78	10	7,78

Prazo pedidos urxentes	Non reduce	Non reduce	Non reduce	Reduce 14 horas
Puntuación prazo pedidos urxentes	0	0	0	10
Puntuación prazos	14,17	17,78	20	25,28
PUNTUACIÓN TOTAL	76	87,78	59,22	76,49

Sexto: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de valoración de ofertas de data 28 de febreiro de 2020, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións admitidas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares :

Empresa	Puntuación Total
Ecotisa Una Tinta de Impresión SL	87,78
Paz Dismac SL	76,49
Discount Informático SL	76
Gersa Informática SL	59,22

Sétimo: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 28 de xaneiro de 2020, posteriormente ratificada o día 13 de febreiro de 2020, adxudicar a “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre”, á empresa “Ecotisa Una Tinta de Impresión, S.L.”, con NIF *****771G e domicilio en Rúa Vertical III nº 12 Polígono Industrial El Montalvo III – 37188 Carbajosa de la Sagrada (Salamanca), no prezo total anual de 2.545,37 euros sen IVE, 3.079,90 euros IVE incluído, (sen prexuízo dos prezos unitarios que constan no orzamento desagregado que se achega á oferta), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento (prezo ofertado á baixa e redución de prazos de entrega) , toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os prezos unitarios de adxudicación son os seguintes, segundo a oferta presentada :

IMPRESORA	TIPO	REFERE	Nº DE COPIAS	CANTI. ANUAL	PRECIO SIN IVA	TOTAL SIN IVA	IVA	TOTAL CON IVA
HP 1005	TONER	CB435A	1.500	3	4,32€	12,96€	2,72€	15,68€
HP 1020	TONER	Q2612A	2.000	8	4,32€	34,56€	7,26€	41,82€
HP 1102	TONER	CE285A	1.600	5	4,32€	21,60€	4,54€	26,14€
HP 1120	TONER	CB436A	2.000	8	4,32€	34,56€	7,26€	41,82€
HP 1320	TONER	Q5949A	2.500	6	5,95€	35,71€	7,50€	43,21€
HP 2015	TONER	Q7553A	3.000	6	5,95€	35,71€	7,50€	43,21€
HP 2600	TONER	Q6000A	2.500	2	14,61€	29,22€	6,14€	35,35€
	TONER	Q6001A	2.000	2	14,61€	29,22€	6,14€	35,35€
	TONER	Q6002A	2.000	2	14,61€	29,22€	6,14€	35,35€
	TONER	Q6003A	2.000	2	14,61€	29,22€	6,14€	35,35€
HP M1536DNF	TONER	CE278A	2.100	4	4,32€	17,28€	3,63€	20,91€
HP PRO M402N	TONER	CF226A	3.100	2	7,33€	14,66€	3,08€	17,73€
KONICA BIZHUB C35	TONER	TNP-22K	6.000	5	12,22€	61,12€	12,84€	73,96€
	TONER	TNP-22C	6.000	5	12,22€	61,12€	12,84€	73,96€
	TONER	TNP-22M	6.000	5	12,22€	61,12€	12,84€	73,96€
	TONER	TNP-22Y	6.000	5	12,22€	61,12€	12,84€	73,96€
	TAMBOR	IUP14K	30.000	2	85,94€	171,89€	36,10€	207,98€
	RESIDUOS	WBP03	30.000	2	15,62€	31,24€	6,56€	37,80€
	U.IMAGEN	IUP14C	20.000	2	89,61€	179,22€	37,63€	216,85€
	U.IMAGEN	IUP14Y	20.000	2	89,61€	179,22€	37,63€	216,85€
	U.IMAGEN	IUP14M	20.000	2	89,61€	179,22€	37,63€	216,85€
RICOH 3510 DN	TONER	RT-SP3400	5.000	12	11,30€	135,55€	28,47€	164,02€
RICOH SP3600	TONER	RT-SP4500	12.000	3	10,27€	30,82€	6,47€	37,50€
CANON LBP6650DN	TONER	719	2.100	5	7,20€	36,00€	7,56€	43,56€
RICOH MP1715PF	TONER	1270	7.000	6	3,66€	21,98€	4,62€	26,60€
BROTHER HL 1210W	MASTER	1515	45.000	2	3,66€	7,33€	1,54€	8,87€
	TONER	TN1050	1.000	3	3,41€	10,22€	2,15€	12,37€
BROTHER HL 2375DW	TAMBOR	DR1050	10.000	1	5,38€	5,38€	1,13€	6,50€
	TONER	TN2420	3.000	6	6,93€	41,57€	8,73€	50,30€
BROTHER HL 5100 DN	TAMBOR	DR2400	12.000	2	6,83€	13,66€	2,87€	16,53€
	TONER	TN3480	8.000	4	7,26€	29,06€	6,10€	35,16€
BROTHER HL 6180DW	TAMBOR	DR3400	30.000	2	9,12€	18,24€	3,83€	22,07€
	TONER	TN3390	12.000	6	7,98€	47,90€	10,06€	57,96€
OKI B 430 D	TAMBOR	TN3300	30.000	2	6,70€	13,40€	2,80€	16,20€
	TONER	43979102	3.500	2	2,85€	5,70€	1,20€	6,89€
HP DESKJET 2543	TAMBOR	43979002	25.000	1	19,50€	19,50€	4,10€	23,60€
	TINTA	301 XL	480	4	11,66€	46,66€	9,80€	56,45€
HP 4500	TINTA	301 XL color	330	4	12,72€	50,88€	10,68€	61,56€
	TINTA	CC654AE 901XL	700	2	9,71€	19,42€	4,08€	23,50€
EPSON XP55	TINTA	CC656AE 901	360	2	8,46€	16,93€	3,55€	20,48€
	TINTA 24 XL	C13T24314012	500	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
	TINTA 24 XL	C13T24324012	740	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
	TINTA 24 XL	C13T24334012	740	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
	TINTA 24 XL	C13T24344012	740	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
	TINTA 24 XL	C13T24354012	740	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
PLOTTER CANON IPF755	TINTA	C13T24364012	740	2	0,53€	1,06€	0,22€	1,28€
	TINTA	PFI-102MBK		1	21,14€	21,14€	4,44€	25,57€
	TINTA	PFI-102BK		1	21,14€	21,14€	4,44€	25,57€
	TINTA	PFI-102C		1	21,14€	21,14€	4,44€	25,57€
	TINTA	PFI-104M		2	21,14€	42,27€	8,88€	51,15€
	TINTA	PFI-102Y		1	21,14€	21,14€	4,44€	25,57€
	CABEZAL	PF-04		1	302,99€	302,99€	63,33€	366,62€
C.MANTENI	MC-10		1	57,99€	57,99€	12,18€	70,17€	
Totales anuales					1228,94€	2545,37€	534,53€	3079,90€

Os prezos de entrega ofertados son os seguintes :

- Ofrece un prazo de entrega para suministros ordinarios de 1 día hábil , que supón unha redución de 4 días hábiles respecto ao prazo previsto nos pregos.
- Ofrece un prazo de entrega excepcional para suministros ordinarios de 3 días hábiles , que supoñen unha redución de 7 días hábiles respecto ao prazo previsto nos pregos

c) Ofrece un prazo de entrega para pedidos urxentes non programados con anterioridade de 24 horas , que supoñen unha redución de 0 horas respecto ao prazo previsto nos pregos.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo ofertado, e nos prazos de entrega das subministracións ordinarias e excepcionais, criterios nos que a empresa obtivo as maiores puntuacións.

Oitavo: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Noveno: Nomear como responsable do contrato ao administrador do sistema informático municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo Primeiro: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000006, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e cun único criterio de adxudicación, (factor prezo),correspondente ao «Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema»

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de marzo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 20 de febreiro de 2020, elaborouse polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de cultura e educación, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento para a contratación do servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “DANIEL MALLO CASTRO” de Cambre, “A BARCALA-LENDOIRO” e “OS PINARES” de Brexo Lema, cun orzamento base de licitación de 413.884,18 euros e un valor estimado de 456.070,72 euros.

Con data do 20 de febreiro de 2020, asínase polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de cultura e educación, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e penalidades, así como o prego de prescricións técnicas regulador das prestacións a realizar.

Consta Informe de Intervención asinado o 21 de febreiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 342.22700 (limpeza instalacións deportivas) e 342.22710 (conserxería instalacións deportivas).

O Concello de Cambre tramitou o expediente nº 2020/C004/000002, mediante procedemento aberto e tramitación urxente (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema, por un prazo de duración de dez meses, e cun orzamento base de licitación de 106.268,32 euros. A incoación do dito expediente foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de febreiro de 2020, e o expediente foi declarado deserto por falta de licitadores, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2020.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 2 de marzo de 2020, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 2 de marzo de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, isto tendo en conta a obriga das entidades locais con poboación superior a 20.000 habitantes de contar con instalacións deportivas de uso público [artigo 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local], así como o previsto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, segundo a cal os municipios exercerán no seu correspondente ámbito territorial, entre outras, as competencias de construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, así como velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade, cumpríndose co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Aprobar o gasto por conta das seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento 2020, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios:

- 342.22700 *Limpeza instalacións deportivas*
- 342.22710 *Conserxería instalacións deportivas*

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Cuarto: Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000006, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e cun único criterio de adxudicación, (factor prezo), correspondente ao «**Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema**», cun orzamento base de licitación de 413.884,18 euros (IVE incluído) e un valor estimado de 456.070,72 euros, isto a teor do establecido nos artigos 117.1, 131.2, 146.1 e 156 e seguintes da LCSP.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, e como suplente, a dinamizadora cultural dona Pilar Paz Delgado.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e máis no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 , 135 e 155 da LCSP, co fin de que se poidan presentar ofertas no prazo de TRINTA DÍAS NATURAIS, a contar dende a data do envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita, se ben ao observarse un erro material na cláusula 16.6 do Prego de cláusulas administrativas particulares asinado con data do 02/03/2020, faise constar que a redacción da antedita cláusula 16.6 queda redactada do teor literal seguinte:

“16.6. Declaración de deudas de “Expertus Multiservicios, S.A.”:

La empresa que viene prestando el servicio presentó, en fecha 25 de febrero de 2020 , declaración relativa a las deudas salariales que mantiene con los trabajadores de plantilla, y por cuotas a la Seguridad Social, por un importe total de 22.224,16 euros, según consta en el Anexo V del presente Pliego de cláusulas administrativas particulares.” ».

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia